



Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de
fin de grao

A música popular galega (MPG)
como instrumento de
intervención educativa para
persoas maiores con Alzheimer.

Noemia Veiga Gonçalves

Xuño 2021

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Ciencias da Educación da
Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Pedagogía

A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoasmaiores con Alzheimer

La música popular gallega (MPG) como instrumento de intervención educativa para personas mayores con Alzheimer

Traditional Galician Music (MPG) as an educational intervention tool for elderly people suffering from Alzheimer.

Índice

I.	INTRODUCCIÓN	1
II.	O ALZHEIMER E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS	8
	• Situación educativa das persoas maiores con Alzheimer	12
	• Asociación entre un baixo nivel educativo e a demencia	12
	• Importancia da intervención educativa con persoas maiores con Alzheimer	14
III.	A EDUCACIÓN MUSICAL COMO FERRAMENTA EDUCATIVA	16
	• Conceptualización da Educación Musical	16
	• A Educación Musical e o Alzheimer	18
IV.	ANÁLISE DA IDENTIDADE CULTURAL E A EXPRESIÓN ARTÍSTICO- MUSICAL POPULAR GALEGA	20
V.	PROXECTO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA	22
	V.1. Introducción	22
	V.2. Xustificación	23
	• Xustificación teórica	23
	• Xustificación diagnóstica	24
	V.3. Contextualización	25
	V.4. Análise de necesidades	25
	V.5. Obxectivos	26
	V.6. Persoas destinatarias e axentes	26
	V.7. Principios metodolóxicos	28
	V.8. Contidos	28
	V.9. Actividades e iniciativas propostas	29
	V.10. Recursos, técnicas e instrumentos	33
	V.11. Temporalización	33
	V.12. Avaliación	35

CONCLUSIÓNS

Referencias

ANEXO

Resumo

Galego: O aumento da esperanza de vida da poboación galega e o consecuente envellecemento da poboación, trouxeron consigo o incremento da cantidade de persoas afectadas por enfermidades neurodexenerativas. Deste xeito, a procura de novos ámbitos e instrumentos de intervención para garantir a calidade de vida ao longo do seu ciclo vital é unha constante na investigación socio- educativa. Nesta liña, o presente TFG tratará a Educación Musical no ámbito das persoas adultas con Alzheimer e, en concreto, a música popular galega (MPG) como un instrumento para o desenvolvemento integral do individuo, entendendo a educación artística como unha ferramenta potencial de intervención educativa que permite acceder á memoria emocional a longo prazo. A metodoloxía de traballo está baseada na análise documental para a realización do deseño dun proxecto de intervención no que se plantexan os seguintes obxectivos: (I) Coñecer o Alzheimer e as súas características, (II) Comprender a situación educativa das persoas maiores con Alzheimer, (III) Realizar unha análise sobre a Educación Musical como instrumento de intervención educativa (IV), Investigar a identidade cultural e a expresión artístico- musical popular galega, (V) Diseñar dun proxecto de intervención educativa: *A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer.*

Palabras chave: *Alzheimer, educación musical, identidade cultural, intervención educativa, música popular galega.*

Castelán: El aumento de la esperanza de vida de la población gallega y el consecuente envejecimiento de la población, han llevado a un incremento de la cantidad de personas afectadas por enfermedades neurodegenerativas. De este modo, la búsqueda de nuevos ámbitos e instrumentos de intervención para garantizar la calidad de vida a lo largo de su ciclo vital, es una constante en la investigación socio-educativa. En esta línea, el presente TFG tratará la música popular gallega (MPG) como un instrumento para el desarrollo integral del individuo, entendiendo la educación artística como una herramienta potencial de intervención educativa que permite acceder a la memoria emocional a largo plazo. La metodología de trabajo se ha basado en el análisis documental para la realización del diseño de un proyecto de intervención en el que se plantean los siguientes objetivos: (I) Conocer el Alzheimer y sus características, (II) Comprender la situación educativa de las personas mayores con Alzheimer, (III) Realizar un análisis sobre la Educación Musical como instrumento de intervención educativa, (IV) Investigar la identidad cultural y la expresión artístico- musical popular gallega, (V) Diseñar un proyecto de intervención educativa: *La*

A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer

música popular gallega (MPG) como instrumento de intervención educativa para personas mayores con Alzheimer.

Palabras clave: *Alzheimer, educación musical, identidad cultural, intervención educativa, música popular gallega.*

Inglés: The increase in life expectancy and its consequent aging of the population have provoked an increase in the amount of people suffering from neurodegenerative diseases, making the search for new areas and intervention tools to guarantee the well-being throughout the entire patient's life a constant in the socio-educational research. Following this line of investigation, this TFG will use Traditional Galician music (MPG in Spanish) as a tool for the development of the person, defining the arts education as a possible intervention tool in education, which would allow researchers to gain access to long-term emotional memory. The working methodology used is based on a documentary analysis to create an intervention project with the following aims: (I) Knowing Alzheimer and its characteristics, (II) understanding the educational level of elderly people suffering from Alzheimer, (III) analysing music education as an educational intervention tool, (IV) researching the cultural identity and artistic forms of Galicia, and (V) creating an educational intervention project titled: Traditional Galician Music (MPG) as an educational intervention tool for elderly people suffering from Alzheimer.

Key words: *Alzheimer, cultural identity, educational intervention, musical education, Traditional Galician music.*

Introdución

Nos últimos tempos, dentro da poboación galega tense experimentado un envellecemento considerable debido ao aumento da esperanza de vida e á mellora das condicións sociais. En concreto, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) en Galicia no 2020 a esperanza de vida sitúase nos 83,5 anos -homes 80,7 anos; mulleres 86,2 anos- cunha proxección para o 2034 de 85,6 -homes 83,1 anos; mulleres 88 anos- (IGE, s.d.).

Xunto a este envellecemento, apareceu un claro incremento do número de persoas con enfermidades neurodexenerativas caracterizadas por unha progresiva alteración dos procesos cognitivos -memoria e linguaxe- e condutuais. Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), calcúlase que entre un 5% e un 8% da poboación mundial maior a 60 anos sufrirá demencia nalgún momento do seu ciclo vital (OMS, 2020).

Segundo López Pousa (2006), a demencia é un síndrome que se adquire por unha causa orgánica que é capaz de provocar un deterioro firme das funcións mentais superiores e que derive nunha incapacidade funcional tanto no ámbito social como laboral, en persoas que non sofren alteracións do seu nivel de conciencia.

O Manual diagnóstico e estatístico de enfermidades mentais (DSM) da Asociación Americana de Psiquiatría (APA), define a demencia como un trastorno neurocognitivo maior no que existe unha clara evidencia dun declive cognitivo -capacidade de atención complexa, función executiva, aprendizaxe, memoria, linguaxe-, dunha diminución habilidades espazo-temporais -habilidade perceptual e motora- e unha mudanza na conduta (Huang, 2019).

Entre as formas máis comúns de demencia atópase a enfermidade de Alzheimer, unha doenza neurodexenerativa caracterizada por un deterioro gradual e progresivo das capacidades e habilidades cognitivas, como a memoria, e que dificultan a realización satisfactoria das actividades da vida cotiá.

Porén, a pesar de que de xeito xeral se ten asociado esta enfermidade co envellecemento, o Alzheimer non constitúe unha característica normal do mesmo (Alzheimer's Association, s.d.).

Co fin de permitir un envellecemento saudable, entendido como o proceso de fomentar e manter a capacidade funcional que permita o benestar na vellez (OMS, 2020), a sociedade debe promover e fomentar oportunidades para acadar o benestar físico, mental e social durante todo o ciclo vital. Para isto, é preciso a posta en marcha de políticas sociais que fomenten as intervencións educativas baixo o concepto de *long life learning* -educación ao longo da vida- a través de programas e plans e programas que promovan o desenvolvemento integral das persoas durante toda a súa vida (Guerra, 2009).

Na nosa comunidade autónoma, entre os anos 2016 e 2020 levouse a cabo unha proposta de actuación dirixida á sociedade para o desenvolvemento dun proceso de envellecemento activo e con saúde entendendo este como un proceso do curso vital. Esta proposta, denominada Esgaen (Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación 2016-2020), constituíu un instrumento de planificación que o Goberno da Xunta de Galicia puxo ao servizo da comunidade de cara a ofrecer apoios axeitados e de calidade ás persoas en proceso de envellecemento (Xunta de Galicia, 2016).

Posteriormente, no 2021, aprobouse a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico en Galicia, que dedica o seu sétimo capítulo á necesidade de promoción dun envellecemento activo e saudable. Isto preténdese conseguir a través da integración de diferentes políticas públicas, e coa finalidade de asegurar o benestar durante todo o transcurso da vida e, de xeito significativo, na vellez (Lei 5/2021, 2021).

Así pois, como podemos observar, o desenvolvemento de estratexias que teñan como obxectivo a mellora da calidade de vida das persoas maiores con Alzheimer así coma dos seus familiares na nosa contorna, constitúe un eixe fundamental no para o desenvolvemento sostible da nosa comunidade.

Por este motivo, este traballo procura realizar unha análise da situación actual das persoas maiores con Alzheimer dende unha perspectiva pedagóxica diferencial, na cal, a educación musical e o emprego práctico da música popular galega (MPG), se presenta como un instrumento de intervención educativa e un tratamento non farmacolóxico para o benestar do individuo.

Para a construción deste documento foi realizada unha revisión bibliográfica de traballos, estudos e investigacións publicadas sobre envellecemento, alzheimer, educación de persoas adultas e maiores, e, música como ferramenta educativa. Durante a súa elaboración, contouse con material bibliográfico procedente das bases de datos Google Académico, REBID, Redined, Dialnet e SciELO, no catálogo Iacobus, a base de datos da Universidade de Santiago de Compostela. Concretamente, foi especialmente relevante o material achado nas bases de datos Dialnet, SciELO e Google Académico, as cales, ademais de contar con acceso directo a unha parte importante da documentación científica que recollen, ofrecen opcións de selección e aplicación de criterios temporais, de ámbito e idioma para limitar as procuras e adecualas ao traballo para realizar, sexa por contexto xeográfico, área temática ou relevancia de acordo á produción científica recente.

Nun inicio as procuras centráronse en “educación de maiores”, “alzheimer”, “intervención educativa e alzheimer”, “música popular e educación”, “música popular galega e educación” e “música e alzheimer”. Nunha segunda aproximación combináronse entre eles estes e outros descritores. Para facilitar a análise da documentación recompilada aplicáronse

A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer

os seguintes criterios de exclusión e inclusión:

Táboa 1.

Criterios para a selección da bibliografía

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
<ul style="list-style-type: none">▸ Obras en formato virtual▸ Obras de acceso aberto▸ Obras editadas en galego ou castelán▸ Obras centradas na intervención dende a dimensión educativa ou con utilidade para a mesma	<ul style="list-style-type: none">▸ Obras para a implementación de terapias sanitarias

Nota. Elaboración propia.

I. O ALZHEIMER E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

A enfermidade de Alzheimer é a unha doenza neurodexenerativa progresiva caracterizada por un declive cognitivo que afecta á capacidade de formar recordos recentes. Ao longo da súa evolución altera, de forma irreversible, tódalas funcións cognitivas como a concentración, a atención, a memoria, a linguaxe e o pensamento.

A idade constitúe un factor de risco e a maioría de persoas con Alzheimer superan os 65 anos de idade, constituíndo unha das principais causas de discapacidade entre as persoas maiores (Alzheimer's Association, s.d.).

O seu diagnóstico realízase tras a observación de algunha das súas sintomatoloxías, tal e como son os problemas de memoria a curto e a longo prazo, dificultades problemas no proceso lecto- escritor e na comunicación así como conductas e comportamentos agresivos.

No seu desenvolvemento, esta enfermidade presenta síntomas asociados á desorientación espazo- temporal, á perda gradual das capacidades e habilidades cognitivas e motoras tales como a amnesia, afasia, apraxia e agnosia; e cambios e alteracións na personalidade e o comportamento. Non obstante, segundo a gravidade da súa sintomatoloxía e o nivel de deterioro cognitivo, podemos diferenciar tres estadios ou etapas, tal e como recolleemos na Táboa 2.

Táboa 2.

Estadios e características da enfermidade de Alzheimer

Estadio	Características	
Leve	Psicolóxicas	Alteracións da personalidade -apatía e irritabilidade- Ansiedade Cambios de humor -depresión, labilidade emocional, enfados-
Moderado	Cognitivas	Alteracións psicóticas -alucinacións e delirios- Cambios de humor
	Condutuais	Alteracións da personalidade -apatía e irritabilidade- Alteracións do sono e do ritmo diúrno Alteracións alimentarias Alteracións da actividade sexual Axitación Comportamento socialmente inadecuado Desinhibición Reaccións agresivas
	Psicolóxicas	Erros de identificación e interpretación
	Psicomotoras	Alteracións da actividade psicomotora -deambulación errante e seguimento persistente do cuidador-
Severo	Cognitivas	Erros graves de identificación e interpretación
	Condutuais	Alteracións alimentarias Agresión cara o/a cuidador/a Axitación non verbal: berros, choros e perrenchas Reaccións agresivas
	Psicolóxicas	Alteracións psicóticas: alucinacións e delirios

Nota. Baseada en Muñoz, 2017.

De xeito xeral, a enfermidade de Alzheimer afecta a dous tipos de memoria que se atopan dentro da clasificación de memoria explícita: a memoria episódica e a memoria semántica (Francés, Barandian, Marcellán e Moreno, 2003).

Nun primeiro momento, na denominada etapa inicial o individuo presenta unha sintomatoloxía lixeira ou leve na que se pode observar unha perda gradual da memoria a curto prazo -a memoria recente-. A persoa presenta dificultades á hora de realizar tarefas complexas e presenta alteracións comportamentais como apatía, pasividade e desinterese, mais conserva a autonomía persoal.

Posteriormente, na etapa intermedia, esta autonomía vése minguada pola presenza de síntomas de carácter moderado ou grave e que supoñen un empeoramento dos primeiros síntomas. A realización de actividades instrumentais e operativas vese notablemente afectadas (García, 2014). Así pois, neste momento aparecen as alteracións cognitivas e motoras que caracterizan á enfermidade que se recollen na Táboa 3.

Táboa 3.

Alteracións cognitivas e motoras da enfermidade de Alzheimer

Alteracións cognitivas	Amnesia	Deterioro progresivo da memoria a curto e a longo prazo, a memoria de recoñecemento sensorial, episódico e semántico
	Afasia	Trastorno da linguaxe caracterizado pola falta de fluidez, comprensión, dificultade no proceso lecto- escritor e erros no emprego das palabras. Obsérvase unha ausencia de iniciativa na fala e de falta de diversidade no vocabulario empregado. Así mesmo, debido á afectación do pensamento abstracto ou ausente, lévase a cabo unha repetición de palabras ou frases curtas e desordenadas
	Agnosia	Perda da capacidade do recoñecemento dos obxectos a través dos sentido da vista, o tacto e o oído
Alteracións motoras	Apraxia	Conxunto de alteracións na xestualidade tales como a perda de sensibilidade, trastorno do movemento, alteración do ton muscular, da coordinación e a expresión

Nota. Baseada en García, 2014.

Deste xeito, a partir deste momento a persoa con Alzheimer comeza a precisar dun acompañamento para a realización das tarefas da vida cotiá.

Finalmente, no estado avanzado ou terminal, pérdese a memoria a longo prazo, a capacidade intelectual e a mobilidade polo que o individuo perde os vestixios da súa

autonomía convértese nunha persoa dependente (Cunha, 2007).

Na actualidade, o Alzheimer é a causa máis común de demencia. Para esta doenza non existe unha concordancia segundo a súa orixe e non existe un tratamento específico. Porén, existen técnicas e tratamentos que procuran recuperar a memoria das persoas con Alzheimer baseados no feito de que esta perda se produce de xeito gradual e cunha intensidade variable, dependendo do estadio no que se atope a enfermidade (Vernia e Martí, 2017).

Deste xeito, diversos estudos afirman que se pode mellorar a memoria e a calidade de vida dos doentes a través do apoio e a estimulación cognitiva así como por medio da recuperación da información simple nos primeiros estadios da enfermidade. Así pois, dende as diversas disciplinas científicas, estúdanse e investíganse os posibles tratamentos que, de xeito xeral, podemos clasificar en dous tipos: os tratamentos farmacolóxicos e non farmacolóxicos.

Por unha banda, os tratamentos farmacolóxicos basean a súa actuación na intervención química de substancias administradas por parte de profesionais sanitarios, e que axuden a controlar e mellorar as condicións físicas e psicolóxicas do individuo. A pesar de que se considera fundamental o emprego de fármacos para retrasar o deterioro cognitivo xerado pola enfermidade de Alzheimer, tense demostrado que estes poden provocar desequilibrios químicos no organismo e a aparición de diversos efectos adversos que dificultan a consecución do estado de mellora da doenza e, polo tanto, da saúde e da súa calidade de vida (Carrillo, 2018).

Por outra, o tratamento non farmacolóxico constitúe unha intervención non química sustentada teoricamente, focalizada e replicable (Muñoz, 2017). Adoita ter un carácter social e/ou educativo e permite realizar un achegamento multidimensional da doenza.

Actualmente, na meirande parte dos casos combátese a enfermidade de Alzheimer a través de fármacos, co obxectivo de ralentizar o proceso de declive da patoloxía e tamén combater os seus síntomas asociados. Mais, no momento no que este método é aplicado de xeito sistemático e presenta diversas desvantaxes como é a aparición de efectos adversos que dificultan a consecución dunha mellora con respecto á situación previa, é preciso contar co desenvolvemento de estratexias non farmacolóxicas ou invasivas co fin de mellorar a calidade de vida dos doentes afectados (Passos e De Toledo, 2021).

Como sinalan Fernández et al. (2003) en Vernia e Martí (2017), cada vez máis os/as profesionais avogan polas intervencións non farmacolóxicas que empregan metodoloxías activas que potencian a cultura e o exercicio da intelixencia. Deste xeito, co fin de paliar os sentimentos característicos da enfermidade como a axitación, a ansiedade, a apatía e a depresión sen o emprego de medicación, son usadas intervencións non farmacolóxicas como as que se recollen na Táboa 4.

Táboa 4.

Intervencións non farmacolóxicas enfermidade de Alzheimer

Síntomas	Intervencións non farmacolóxicas	
<i>Axitación</i>	Intervención educativa musical	Atención centrada na persoa
	Masaxe terapéutico	Musicoterapia
<i>Ansiedade</i>	Terapia cognitivo condutual	Programa de multiestimulación
<i>Apatía</i>	Estimulación cognitiva	Arteterapia
	Intervención educativa musical	Psicomotricidade
<i>Depresión</i>	Terapia cognitiva condutual multimodal	Estimulación cognitiva
	Intervención educativa musical	Programa de multiestimulación

Nota. Baseada en Muñoz, 2017.

Como podemos observar, existe a evidencia de que a música constitúe un poderoso tratamento non farmacolóxico para a mellora dos síntomas da depresión e a ansiedade, xa que existe un efecto cognitivo de abstracción que permite mellorar o perfil psico-condutual da persoa (Baird e Samson, 2015).

Así pois, a intervención musical pode propiciar efectos estimulantes sobre a capacidade cognitiva, o ánimo e servir como método de inhibición de conductas desencadeadas por factores de estrés ambiental (Gómez e Gómez, 2017).

Polo tanto, a intervención educativa musical constitúe un instrumento clave non farmacolóxico eficaz para acalmar os síntomas cognitivos, psicolóxicos e condutuais das persoas maiores con Alzheimer relacionados coa depresión, a axitación e a apatía.

II. SITUACIÓN EDUCATIVA DAS PERSOAS MAIORES CON ALZHEIMER

● Asociación entre un baixo nivel educativo e a demencia

Nos últimos anos diversos estudos realizados nos cinco continentes en sociedades en desenvolvemento ou desenvolvidas, en contextos rurais e urbanos, teñen afirmado que a demencia está vencellada á existencia dun baixo nivel educativo.

A asociación de suxeitos con baixo nivel educativo coa demencia vén sustentada no feito de que os suxeitos con demencia máis educados teñen mellor prognóstico que os menos educados, debido a que a educación pode interferir nos procesos de neurodexeneración

(Carnero, 2000).

A pesar de que hoxe en día a educación formal está xeneralizada, a falta da mesma é o estado natural de toda persoa polo que máis alá de considerar o baixo nivel educativo como un factor de risco para a aparición da demencia, é preciso considerar a educación da poboación como un factor preventivo e protector (Aravena, 2014).

Asemade, a eficacia da educación para a prevención da demencia está sustentada dúas clasificacións de reserva realizadas polo psicólogo Stern e sinaladas en Ramírez e Martella (2019) como se ve na Figura 1: a reserva cerebral e a reserva cognitiva.


A reserva cerebral alude a un modelo de reserva que aparece relacionado con cambios no tamaño cerebral, no número do número de neuronas e na densidade sináptica, e que explica como un cerebro de maior tamaño terá un maior funcionamento cognitivo e unha maior reserva cerebral, a cal, permitirá prolongar o período de tempo antes da aparición dunha demencia.

Por outra, a reserva cognitiva está vencellada a actividade de creación de redes cerebrais alternativas e/ou adicionais para compensar as áreas danadas. Esta reserva cognitiva é a que permite falar de neuroplasticidade, isto é, a capacidade do sistema nervioso de responder a unha estimulación intrínseca ou ambiental, reorganizando a súa estrutura, funcións e conexións.

Desta maneira, como afirma Carnero (2000), a educación pode actuar como factor protector da aparición da demencia pois permite complementar a reserva cerebral e a reserva cognitiva provocando unha interferencia nos procesos patoxénicos ou retardando a aparición dos mesmos.

Figura 1.

Características reserva cerebral e reserva cognitiva



Nota. Baseado en Ramírez e Martella, 2019

En consecuencia, podemos afirmar que o tempo invertido en educación e formación dentro da educación formal e non formal, está directamente ligado ao desenvolvemento pleno do individuo e á conservación das súas capacidades cognitivas, psíquicas, motoras e sociais.

Non obstante, é preciso destacar que o efecto protector da educación non aparece limitada á enfermidade de Alzheimer pois maniféstase como un medio contra o deterioro cognitivo asociado ao envellecemento.

- **Importancia da intervención educativa con persoas maiores con Alzheimer**

O dereito á educación está recoñecido como un dos principios e metas plantexados polas principais organizacións e convencións internacionais e nacionais. Deste xeito, o artigo 26 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH, 1948), está dedicado á educación entendéndoa como un dereito universal, obrigatorio e gratuïto polo cal deben velar tódolos gobernos coa fin de procurar o desenvolvemento pleno dos seus cidadáns independentemente da súa idade, nacionalidade, etnicidade, valores e crenzas.

Artigo 26. (1) Toda persoa ten dereito á educación. A educación debe ser gratuïta, polo menos ao que concirne á instrución elemental e fundamental. A instrución elemental será obrigatoria. A instrución técnica e profesional terá que ser xeneralizada; o acceso aos estudos superiores será igual para todos, en función de méritos respectivos. (2). A educación terá por obxectivo o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o fortalecemento do respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais; favorecerá a comprensión, a tolerancia e a amizade entre tódalas nacións e grupos étnicos e relixiosos; e promoverá o desenvolvemento das actividades das Nacións Unidas para o mantemento da paz (Declaración Universal dos Dereitos Humanos, 1948, p.8).

No contexto español, o dereito á educación aparece reflectido no artigo 27 da Constitución Española de 1978 no cal se establece que tódolos cidadáns teñen dereito a unha educación básica, obrigatoria e gratuïta nun estado democrático, polo que as institucións públicas deberán garantir este dereito (Gobierno de España, 1978).

Artigo 27 (1) Todos teñen dereito á educación. Recoñécese a liderade de ensinanza. (2) A educación terá por obxectivo o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais [...] (4) A ensinanza é básica obrigatoria e gratuïta. (5) Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral da ensinanza, coa participación efectiva de tódolos sectores afectados e a creación de centros docentes [...] (Gobierno de España, 1978, Bloque 33).

Asemade, como sinala Delors na súa obra «A educación encerra un tesouro» (1996), a educación debe facer fronte aos retos que se presentan no século XXI a través de catro tipo

de aprendizaxes que permitan as persoas adquirir coñecementos, habilidades e competencias para desenvolverse e vivir en sociedade en tódalas etapas do seu ciclo vital: *aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos e aprender a ser.*

Así pois, o concepto de Aprendizaxe ao longo da vida e a Educación ao longo da vida, aparece como o proceso principal de desenvolvemento do potencial humano de carácter continuo que estimula e faculta aos individuos para adquirir tódolos coñecementos, valores, destrezas e comprensións que requirirán ao longo do seu período vital (IMSERSO, 2011).

Polo tanto, dende un enfoque axiolóxico, trátase dun proceso que considera a educación como unha vía de crecemento continuo no que o individuo é capaz de progresar persoalmente grazas ás oportunidades que lle brinda a sociedade.


Como observamos na Figura 2, esta aprendizaxe caracterízase principalmente polo seu carácter lonxitudinal e temporal, xa que se trata dun proceso que se leva a cabo ao longo da vida dunha persoa constituíndo unha forma de aprendizaxe ilimitada. Asemade, ten un carácter vertical xa que abarca tódalas dimensións e contextos da persoa, conectando necesidades e intereses ocupacionais, persoais, familiares e sociais.

Non obstante, a aprendizaxe ao longo da vida é multidimensional xa que precisa de tódalas oportunidades de aprendizaxe que se ofrece na educación formal, non formal e informal. Por iso, os contidos, os instrumentos, as técnicas e os medios de aprendizaxe empregados son flexibles e diversos segundo o contexto no que se insire este proceso educativo.

Finalmente, esta aprendizaxe destaca pola necesidade de contar cunha vinculación coas aprendizaxes previas dos individuos para que se poida considerar unha aprendizaxe significativa (IMSERSO, 2011).

Figura 2.

Características definitorias da Aprendizaxe ao longo da vida



Fonte: Elaboración propia.

Atendendo ao cuarto obxectivo presente nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) propostos pola UNESCO na Axenda 2030 (UNESCO, s.d.) no referente á educación, sinálase que é preciso asegurar unha educación de calidade nos seguintes termos: “*Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida e para todos/as*”. Fálase, pois, de garantir o dereito de tódalas persoas a unha educación de calidade que, sexa inclusiva e equitativa a través da posta en marcha de oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida.

En consecuencia, as intervencións educativas deben proporcionarse tamén ás persoas maiores con Alzheimer, para garantir o seu dereito á educación, promover o envellecemento activo e para mellorar a súa calidade de vida. Isto fundaméntase de acordo aos diversos beneficios asociados, como son o desenvolvemento de estratexias efectivas de afrontamento, o interese por novas actividades, integración social e o desenvolvemento de novas redes sociais (Villar e Serrat en Cambero e Díaz, 2019).

Finalmente, hai que incidir no feito de que o Libro Branco sobre o Envellecemento Activo (2011) considera que a aprendizaxe ao longo da vida está estreitamente vencellada ao desenvolvemento de competencias con capacidades de autocoñecemento e autovaloración, creatividade persoal, participación en contextos sociais, así coma coa adquisición de coñecementos de carácter cultural e científico.

III. A EDUCACIÓN MUSICAL COMO FERRAMENTA EDUCATIVA

• Conceptualización da Educación Musical

A conceptualización do termo Educación Musical responde ao decorrer histórico da música ligada á educación dentro do propio ámbito educativo -educación formal e non formal-, así como aquela foránea á mesma e que non resulta menos importante -a educación informal-. Deste xeito, a Educación Musical segundo Touriñán e Longueira (2010), pódese entender como un ámbito xeral de educación e como ámbito de educación xeral.

Por unha banda, como ámbito xeral da educación, a música constitúe un instrumento de educación e unha educación en valores pois, a través da música, estase a educar ás persoas en destrezas, hábitos, actitudes, competencias e coñecementos relacionados coa realidade cultural que é a música. Isto é, o individuo pódese educar coa experiencia e a expresión musical xa que esta ofrécelle a oportunidade de desenvolverse como persoa a través dunha formación integral, persoal e patrimonial propia do proceso educativo.

Por outra, atópase a educación como ámbito da educación xeral vencellada a unha área de experiencia específica, é dicir, a área artístico- musical. Trátase dun ámbito centrado no coñecemento dos contidos e habilidades propias da interpretación e a creación da arte musical por medio da súa linguaxe e, a expresión da mesma, a través dos instrumentos musicais.

Como podemos observar, esta clarificación conceptual de Touriñán e Longueira (2010), lévanos a pensar en dous paradigmas a ter en conta dentro da educación con respecto ao fins da Educación Musical: educar a través da música -instrumento para a educación- e educar para a música -materias educativas con contidos artístico- musicais dentro do sistema educativo formal, no ámbito da educación non formal e informal-.

Neste traballo, abordaremos a Educación Musical como ámbito xeral da educación, entendendo que a música constitúe un área de intervención orientada ao desenvolvemento e construción persoal e, polo tanto, unha ferramenta clave para a educación das persoas en tódolos ciclos do seu período vital.

A Educación Musical é unha acción educativa inclusiva que promove competencias para a vida (Rodríguez e Luna, 2019) xa que ten como obxectivo principal formar persoas, cidadáns críticos, sensibles, creativos e imaxinativos que sexan capaces de vivir en sociedade (Peñalba, 2017). Así mesmo, a aprendizaxe a través da música, achega diversos beneficios, como se amosa na Táboa 4.

Táboa 5.

Beneficios da Educación Musical e a aprendizaxe a través da música

Beneficios		
Cognitivos	Concentración	Pensamento crítico
	Maior capacidade para a resolución de problemas	Identificación espazo-temporal
Sociais	Capacidade de traballar en conxunto con outras persoas	Fluidez na comunicación oral
Psicolóxicos	Maior sensibilidade emocional	Maior confianza en si mesmo.
	Mellora da autopercepción	Maior predisposición cara a realización de actividades
Condutuais	Atención	Control do comportamento
Motrices	Mellor coordinación motora fina	Estabilidade postural

Nota. Baseada en Kafol, Denac, Žnidaršič e Zalar, 2015.

Deste xeito, a Educación Musical permite desenvolver e mellorar a capacidade cognitiva e, concretamente, a capacidade de concentración, a identificación espazo-temporal,

A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer

o desenvolvemento do pensamento crítico e a capacidade de resolución de conflitos.

Esta educación tamén permite desenvolver habilidades sociais como a capacidade de traballar en conxunto con outras persoas e acadar unha maior fluidez na comunicación oral. Ademais, tamén se observa unha mellora condutual e motriz, pois mellora a capacidade de atención e control do propio comportamento así coma o mantemento dunha estabilidade corporal e unha maior coordinación motora fina (Kafol, Denac, Žnidaršič e Zalar, 2015).

Asemade, considero que cómpre incidir no feito de que a música é concibida comoun contexto de desenvolvemento e aprendizaxe único que pervive en tódalas culturas, amosando a súa importancia na vida das persoas (Asprilla, 2015).

- **A Educación Musical e o Alzheimer**

A Educación Musical, como parte xeral da educación, xorde como un instrumento eficaz en diversos ámbitos e contextos sociais e, particularmente, no contexto socioeducativo, como un medio para ralentizar o proceso neurodexenerativo e para que as persoas maiores con demencia, a través de experiencias musicais, melloren a súa calidade de vida (Gustems e Vernia, 2016; Vernia e Martí, 2017). De acordo con King, Jones, Goldberf, Rollins, MacNamee e Foster (2019), o emprego da música con pacientes con demencia leve ou moderada permite activar zonas cerebrais motoras vencelladas a dimensións e funcións relacionadas coa memoria, sendo notable o seu funcionamento tamén con pacientes con demencia severa.

Tal e como mencionamos no apartado anterior, a Educación Musical promove o desenvolvemento e a mellora das capacidades cognitivas das persoas durante o seu ciclo vital polo que constitúe un medio eficaz para garantir a calidade de vida dos adultos maiores con Alzheimer

Igualmente, debido a que as persoas maiores deben ser educadas dunha forma activa, a Educación Musical pode permitir levar a cabo un proceso de ensinanza-aprendizaxe activo baseado na participación e que axude a un correcto desenvolvemento persoal e social do individuo.

Non obstante, cómpre ter en conta que Educación Musical é unha ferramenta que se pode empregar de diversos modos mediante a súa creación, escoita activa, interpretación ou a improvisación de obras musicais (Bernabé, 2013). En particular cada unha destas actividades supón a posta en marcha de procesos cognitivos e motores. A continuación móstrase unha táboa resumo cos procesos implicados na Educación Musical -Táboa 5-.

Táboa 6.

Procesos implicados na Educación Musical

Tipoloxías	Procesos	
Cognitivos	Asociacións lóxicas	Concentración
	Asociacións auditivas	Conciencia métrica
	Memoria autobiográfica	Memoria musical
	Codificación e decodificación musical	
Motores	Coordinación viso- manual	Identificación das capacidades corporais
	Reproducción rítmica	Memoria corporal
Psicolóxicos	Evocación de sentimentos e emocións	

Nota. Elaboración propia.

Dentro das actividades que se poden levar a cabo por medio da Educación Musical, a escoita activa é a acción que menos procesos cognitivos compromete pois o individuo está concentrado en realizar asociacións auditivas e lóxicas con outras melodías previas atendendo a súa conciencia métrica. Pola súa banda, a creación musical precisa de procesos asociativos -asociacións auditivas no caso de melodías instrumentais e asociacións lóxicas para a súa execución-, a posta en marcha da memoria musical e o emprego dunha gran capacidade de concentración.

Asemade, con respecto á creación de novas melodías, é preciso que realice unha codificación e decodificación musical así como atender a conciencia métrica para dotar de tempos rítmicos e de descanso. Igualmente, a creación instrumental precisa da reproducción rítmica dos sons a través do instrumento musical facendo necesaria a posta en marcha de procesos motores como a coordinación viso-manual, a reproducción rítmica e a memoria corporal.

Finalmente, a interpretación e improvisación musical precisa de complexos e diversos procesos cognitivos e motores que implican comprender e codificar os oito parámetros perceptivos sonoros-musicais (altura, intensidade, duración, andamento, contorna, localización espacial, timbre e reverberación), asociar os sons auditivamente e organizalos partindo dun pensamento abstracto para poder executar movementos corporais rítmicos memorizados ou non mediante a memoria musical, a última en ser perdida en casos de

A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer

Alzheimer debido a que está directamente asociada ás memorias vividas pola persoa (Passos e De Toledo, 2021)

Da mesma maneira, o emprego da Educación Musical con persoas maiores con Alzheimer promove o benestar en xeral debido a que é capaz de diminuír os niveis de estrés aos que poden estar sometidos, aliviar a dor e mellorar a comunicación proporcionando oportunidades únicas de interacción.

Porén, co fin de obter mellores resultados con esta intervención educativa, é preciso empregar nas actividades un repertorio musical vencellado á historia e cultura persoal individual. Por exemplo, o feito de escoitar unha canción popular, estimula a memoria musical e afectiva que permite acceder ás memorias autobiográficas e as súas emocións. Así, ao interpretar cancións relacionadas co seu pasado e especificamente relacionadas coa súa identidade nacional e relacional, pódese mellorar o proceso de lembranza a través da súa memoria autobiográfica, dando lugar a un posible comezo dun diálogo bidireccional (Miradouro, 2015).

Polo tanto, a intervención educativa a través da música popular galega (MPG) pode ser un método para mellorar a calidade de vida das persoas con Alzheimer pois pode reverter e/ ou ralentizar o deterioro neurodexenerativo conseguindo restablecer temporalmente aspectos emocionais, psíquicos e sociais da persoa.

IV. ANÁLISE DA IDENTIDADE CULTURAL E A EXPRESIÓN ARTÍSTICO- MUSICAL POPULAR GALEGA

Dentro dunha sociedade da información determinada pola globalización, a conceptualización de identidade cultural ten sido unha cuestión controvertida dentro do ámbito das Ciencias Sociais.

Segundo García (2021), a identidade cultural é unha incorporación continua psicodinámica, cognoscitiva e afectiva que conta cunha traxectoria histórico-cultural que permite a obxectivación e reprodución da memoria cultural -constituída por tradicións e creacións humanas colectivas-. Trátase dun proceso de recoñecemento e identificación que un individuo ten con respecto a unha serie de creacións realizadas historicamente polo grupo social no que se desenvolve e que permite identificarse a si mesmo a través das mesmas. Estas creacións, denominadas tamén elementos culturais ou de expresión cultural son representacións creativas das persoas e grupos sociais que posúen un contido cultural propio como pode ser a lingua, o patrimonio histórico, a música e a danza (Cunha, 2007).

De xeito concreto, a música é un elemento de expresión individual e colectiva presente na vida cotiá que resulta un reflexo do medio sociocultural no que viven as persoas. Ao igual que a fala, este elemento cultural constitúe un dos medios máis relevantes

para a expresión humana. Mentres que na fala se emprega unha linguaxe específica, a música é dona dunha linguaxe musical propia que é capaz de transmitir historias, feitos, sentimentos individuais e colectivos. Asemade, segundo Passos e De Toledo (2021) é unha vía de promoción da autonomía, da liberdade e de estabilidade do suxeito para expresar afecto mediante as emocións.

Porén, aínda que a música garda semellanzas coa linguaxe falada, aquela sempre constitúe unha arte pois, o seu significado, non atende a unha orde conceptual rixida. No caso da música, confúndese o significado confúndese co significante que é a construción sonora (Reynoso, 2010).

Deste modo, a música pode ser entendida como unha forma de sentir e pensar que crea emocións e inventa linguaxes de acordo a un contexto social e cultural (Cunha, 2007).

Como sinala Reynoso (2010), a sociedade, entendida como o contexto no que se desenvolve o individuo, encárgase de endoculturalizar a música inconscientemente empregándoa como medio de expresión cultural a través das músicas populares.

Desde xeito, as persoas que pertencen ao mesmo grupo cultural están determinadas por unha bagaxe melódica colectiva que lles permite mostrar reaccións e interpretacións parecidas ante experiencias musicais que manteñen unha coherencia coa cultura sonora na que viven.

Así pois, a expresión artístico- musical non está só presente na nosa existencia senón que incide no noso desenvolvemento (Cabedo, 2011). Como elemento cultural, a música está impregnada de valores educativos e valores propios que se consideran significativos dentro da identidade grupal e, polo tanto, constitúe unha ferramenta clave para a preservación do sentimento de identidade do suxeito con respecto á identidade grupal.

Polo tanto, a música como elemento fundamental do contexto cultural no que se insire un individuo, inflúe no seu desenvolvemento persoal grazas á capacidade da memoria musical. A persoa establece unha asociación entre o contexto cultural propio e vivencia musical a cal permite que, ante calquera actividade musical, se provoquen reaccións, emocións e comportamentos que impliquen unha asociación coa consciencia e a realidade vivida (Cunha, 2007).

Cada un de nós, ten unha biografía musical influenciada por esa realidade vivida no medio social que reside na nosa memoria musical. Por esta razón, autores como Gustems, e Vernia (2016), senten un verdadeiro interese por dar a coñecer as vantaxes e beneficios asociados ao emprego de estratexias, métodos e intervencións proclives para mellorar a calidade de vida das persoas maiores con Alzheimer a través da música.

Neste caso, o seguinte traballo comprende que a identidade cultural está vencellada á cultura popular tradicional dunha sociedade entendida do seguinte modo *“todas aquelas formas de vida que identifican colectivamente a grupos maioritarios dunha sociedade, que se transmiten dunha xeración a outra como patrimonio común [...]”*. (Londoño, 1988, p.4)

En consecuencia, a música como feito e elemento cultural, convértese nun medio de expresión colectivo e histórico caracterizado pola creación de sons e ritmos con significado propio.

Linguaxe sonora construída no paso dos anos ou século, que identifica e diferencia aos homes e mulleres de cada rexións, que lles posibilita unirse e comunicarse porque nace e fala das condicións reais nas que viven [...] e que chega a ser propiedade comunitaria, patrimonio colectivo que todos usufrutúan e comparten. (Londoño, 1988, p.5)

Deste xeito, a utilización da expresión artístico- musical popular galega como un medio educativo para as persoas maiores con Alzheimer, conforma unha estratexia de intervención educativa que pode resultar útil para garantir unha educación de calidade ao longo do seu ciclo vital partindo para os maiores que se identifican cos rasgos culturais da Comunidade Autónoma de Galicia.

V. PROXECTO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA

Nas seguintes páxinas presentaremos o proxecto de intervención educativa *A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer*.

V.1. Introducción

A causa do envellecemento poboacional experimentado nos últimos anos grazas ao aumento da esperanza de vida e as condicións sociais, tense observado un incremento do número de persoas con enfermidades neurodexenerativas caracterizadas por unha alteración dos procesos cognitivos.

Deste xeito concreto, enfermidades como a demencia veñen afectando a calidade de vida das persoas maiores constituíndo unha verdadeira problemática social. Entre as formas máis comúns de demencia atopamos a enfermidade de Alzheimer, unha enfermidade caracterizada por un deterioro gradual e progresivo dos procesos cognitivos tales como a memoria, a linguaxe así como procesos psicolóxicos e condutuais que dificultan a realización satisfactoria das actividades da vida cotiá (OMS, s.d.).

A sociedade debe garantir aos seus membros/as un envellecemento saudable a partir de oportunidades que lles permitan acadar o benestar físico, mental e social durante o ciclo vital. Asemade, esta debe procurar unha educación ao longo da vida de calidade proclive ao desenvolvemento pleno do/da cidadá (Guerra, 2009).

En consecuencia, tomando como punto de partida a proposta Esgaen (Estratexia Galega de Envellecemento Activo desde a innovación 2016- 2020) da Xunta de Galicia (2016) e a nova Lei 5/ 2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico en Galicia adicada á necesidade da promoción dun envellecemento activo e saudable (Lei 5/2021, 2021); consideramos que a Educación Musical e o emprego da música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa, pode constituír un medio para asegurar a calidade de vida dos/das persoas maiores con Alzheimer así coma dos seus familiares.

V.2. Xustificación

- **Xustificación teórica**

A enfermidade de Alzheimer é unha enfermidade neurodexenerativa progresiva que provoca un declive cognitivo que afecta a diversas funcións cognitivas, psicolóxicas, psicomotoras e condutuais. No seu desenvolvemento, esta enfermidade presenta síntomas asociados á desorientación espazo- temporal, á perda gradual das capacidades e habilidades cognitivas e motoras, así como cambios na personalidade e no comportamento que van empeorando co paso do tempo.

Na actualidade, non se coñece a orixe e o tratamento específico para acabar cos síntomas do Alzheimer polo que existen técnicas e tratamentos que procuran recuperar a memoria das persoas baseándose na evidencia de que se pode recuperar habilidades asociadas á memoria durante os dous primeiros estadios da enfermidade -leve e moderado- (Vernia e Martí, 2017). Así, para mellorar a memoria e a calidade de vida dos doentes, utilízase a estimulación cognitiva e actividades para recuperar información simple nos primeiros estados da enfermidade-.

Non obstante, a Educación Musical como parte xeral da educación, xorde como un instrumento eficaz en diversos ámbitos e contextos socioeducativos como un medio para ralentizar o proceso neurodexenerativo e acadar a calidade de vida das persoas maiores con demencia a través da experiencia musical (Gustems, Vernia, 2016; Vernia e Martí, 2017).

A Educación Musical non só promove o desenvolvemento e a mellora das capacidades cognitivas durante o seu ciclo vital senón que tamén permite levar a cabo un proceso de ensinanza- aprendizaxe activo baseado na participación que axude tamén ao

seu correcto desenvolvemento persoal e social. Asemade, pode servir como un medio social xa que pode proporcionar unha maior interacción co medio social e coa familia (Braga, 2013).

Non obstante, co fin de acadar este obxectivo con esta intervención educativa, é preciso empregar nas súas actividades un repertorio musical vencellado a historia e cultura da persoal individual.

Por esta razón, o emprego da música popular galega (MPG) como elemento e expresión cultural ligada á identidade cultural da sociedade galega, é unha vía de acceso á biográfica musical individual que permite partir do traballo coa memoria emocional ligada á memoria biográfica e musical para a mellora e activación doutras áreas cerebrais, así coma para acadar un benestar psicosocial.

Así é todo, esta intervención educativa tamén pode contribuír a evitar a posible exclusión cultural que se pode dar entre as persoas maiores con Alzheimer, fortalecendo o seu capital cultural través de actividades e vivencias musicais (Sarfson e Albini, 2017).

- **Xustificación diagnóstica**

Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, existen cerca de 70.500 persoas con Alzheimer ou algún outro tipo de demencia (FAGAL, s.d.). De xeito concreto, o maior dato de incidencia atópase na provincia de A Coruña con 27.400, seguida de Pontevedra -20.438-, Lugo -11.536- e Ourense -11.128-.

As persoas maiores de 65 anos con Alzheimer supoñen un 12, 5% dos doentes que se comezan a presentar síntomas dos primeiros dous estadios desta enfermidade (AFACO, s.d.). Por este motivo, a utilización da música popular galega (MPG) como instrumento educativo para traballar a memoria a curto prazo mediante a memoria musical, pode ser unha ferramenta que permita ralentizar os síntomas da doenza dende a súa aparición, mellorando aspectos emocionais, psíquicos e sociais da persoa.

Asemade, esta intervención educativa conforma un tratamento non farmacolóxico de grande interese para a doenza xa que os seus custos son mínimos e os seus beneficios son maiores en comparación cos tratamentos farmacolóxicos.

- **Factores éticos e deontolóxicos**

O seguinte proxecto garante o segredo profesional durante todo o proceso e desenvolvemento, deixando a información recadada baixo a privacidade dos traballadores/as de devantido Centro de Día e os familiares do usuarios/as.

Non entanto, queda vencellada a posibilidade de presentar queixas, reclamacións e suxerencias por parte dos familiares e das persoas implicadas no proxecto a través da folla de queixas (ANEXO I). Será posible presentar un documento no que se presente a desconformidade ou insatisfacción con algún aspecto do proxecto como pode ser:

- Mal desenvolvemento: erros atopados no proceso de desenvolvemento do proxecto que poden deberse a un inadecuado plantexamento -deseño-, metodoloxía a empregar ou a propia actividade profesional.
- Desconformidade cos obxectivos a acadar: non observación de melloras significativas entre o punto de partida e a situación final deste proxecto e consideración da necesidade doutros máis axeitados.
- Críticas construtivas a diversos ámbitos do proxecto.
- Cuestións interesantes a abordar: conceptos, ideas e suxerencias que consideren relevantes para a mellora da súa elaboración e desenvolvemento.

Do mesmo xeito, estas queixas e suxerencias ficarán baixo a disposición da propia asociación, respectando a privacidade da mesma co obxectivo principal de servir como referente para a mellora da súa praxe ou dos seguintes proxectos e actividades profesionais.

V.3. Contextualización

Este proxecto está destinado para a persoas maiores de 65 anos con Alzheimer nun estadio leve ou moderado que asisten aos Centros de Día da Comunidade Autónoma de Galicia de carácter público e privado que se rixen baixo a Orde do 25 de xuño de 2008, pola que se regulan os requisitos específicos que se deben cumprir os centros de día e as unidades de atención social para persoas que padecen Alzheimer e outras demencias.

V.4. Análise de necesidades

Co fin de poder coñecer as necesidades dos usuarios/as dos Centros de Día nos que se leve a cabo este proxecto, será preciso a realización dunha análise diagnóstica mediante dúas técnicas de recollida de información.

Por unha banda, o/a encargado/a da posta en marcha do proxecto deberá realizar unha análise documental co fin de coñecer a situación persoal e educativa para poder atender ás características de cada un dos usuarios/as.

Por outra, deberá realizar unha observación participante en tódalas actividades realizadas no centro para ser capaz de adecuar o seguinte deseño ás necesidades reais existentes.

Non obstante, o/a encargado/a tamén ten que coñecer as necesidades detectadas polos traballadores/as -necesidades percibidas ou sentidas e necesidades expresadas- do Centro de Día co fin de terlas en conta para considerar a pertinencia da posta en marcha deste proxecto.

Deste xeito, a partir deste primeiro proceso de recollida de información, será preciso que valore aqueles aspectos significativos para o correcto desenvolvemento da proposta de intervención educativa.

V.5. Obxectivos

Os obxectivos deste traballo divídense en xerais e específicos segundo a súas características como se recolle na Táboa 7.

Táboa 7.

Obxectivos xerais e específicos do proxecto de intervención educativa

Obxectivos xerais	Obxectivos específicos
Traballar a memoria	Mellorar a memoria a curto prazo
	Acceder á memoria emocional
Identificaremocións e sentimentos	Expresar sentimentos e emocións a través da música popular galega
	Asociar sentimentos e emocións biográficos a melodías
Identificar espazo-temporalmente sucesos, sons e obxectos	Identificar situacións pasadas, presentes e futuras
	Identificar os sons propios dos instrumentos da MPG
Fomentarsocial a interacción	Fomentar as habilidades comunicativas básicas - falar, escoitar e comprender- e lingüísticas
	Expresar necesidades propias
Mellorar a capacidade de atención dos usuarios/as	Obter melloras na área de atención conxunta

Nota. Elaboración propia.

- **Indicadores**

Para coñecer os logros acadados durante o proceso de desenvolvemento do proxecto

A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer

e o seu resultado final, estableceranse unha serie de indicadores que respondan ao principio de calidade educativa.

Deste xeito, no transcurso da súa realización, levaranse a cabo diversas avaliacións para observar a consecución dos obxectivos por parte dos usuarios/as presentes mediante as actividades do proxecto. Estas avaliacións, levaranse a cabo a través de cuestionarios a cumprimentar polos traballadores/as do Centro de Día e os familiares dos maiores, atendendo aos seguintes indicadores:

- Mellora da memoria a curto prazo.
- Lembranza de melodías e letras populares da música popular galega.
- Demostración de realización dunha audición activa.
- Maior expresión das necesidades, sentimentos e emocións.
- Identificación de sucesos segundo a súa temporalización.
- Incremento da súa socialización con outros usuarios/a e os seus familiares.

V.6. Persoas destinatarias e axentes

Como xa mencionamos anteriormente, os destinatarios deste proxecto son os usuarios/as maiores de 65 anos con Alzheimer nun estadio leve ou moderado que acudan aos Centros de Día da Comunidade Autónoma de Galicia.

Deste xeito, para o seu desenvolvemento, traballadores/as pertencentes a diversas áreas profesionais do Centro de Día, conformarán un grupo de traballo interdisciplinar cuxo obxectivo será traballar a memoria a curto prazo, os sentimentos e as capacidades cognitivas de tódolos usuarios/as do centro través da música popular galega (MPG). En particular, este grupo estará formado por catro profesionais: un/ unha terapeuta ocupacional, un pedagogo/a, un psicólogo/a e un coidador/a.

Porén, cómpre sinalar que a pesar da existencia deste equipo de traballo interdisciplinar e cooperativo, as funcións e responsabilidades de cada un dos profesionais son diferentes:

- Terapeuta Ocupacional: profesional encargado de levar a cabo as actividades do proxecto e avaliar a consecución dos seus obxectivos.
- Pedagogo/a: profesional encargado de deseñar e elaborar o proxecto en base ás necesidades detectadas -avaliación diagnóstica- no centro. Así mesmo, encárgase de dirixir o mesmo.
- Psicólogo/a: profesional responsable de desenvolver e avaliar a capacidades cognitivas e emocionais dos usuarios/as.
- Coidador/a: profesional encargado de prestar un servizo asistencial aos usuarios/as.

Todos eles, unha vez á semana levarán a cabo unha posta en común das metas acadadas e das dificultades que foron xurdindo durante o desenvolvemento das actividades con cada un dos usuarios/as.

V.7. Principios metodolóxicos

O proxecto seguirá unha metodoloxía baseada nos seguintes principios:

- Participación activa: os participantes son persoas activas nas actividades do proxecto e, polo tanto, nos procesos de cambio.
- Flexibilidade: admisión de cambios durante o desenvolvemento para mellorar ou adaptar cuestións á realidade observable e para propiciar un aprendizaxe vivencial.
- Adaptación ao nivel do usuario/a: adaptación das actividades ás capacidades e individualidades que presenta cada usuario/a.
- Motivadora: as actividades procurarán impulsar as potencialidades persoais para o seu autorecoñecemento.
- Integral e globalizadora: as actividades e os contidos centrados na mellora das capacidades cognitivas e o desenvolvemento do individuo no ámbito socio-afectivo, están á súa vez ligados a diversos aspectos da realidade.
- Grupal e integradora: nas sesións, fomentárase o traballo en equipo e cooperativo, atendendo a unha visión comunitaria de traballo entre pares nas que se respectarán as individualidades.
- Preventiva: emprego de estratexias que teñan como obxectivo procurar reducir os factores de risco e a promoción de estratexias de protección.
- Artelladora de redes, axentes e espazos: para desenvolvemento do proxecto confluirán diferentes axentes sociais interdependentes así como diversos espazos plurais de decisión e acción.

V.8. Contidos

- Conceptuais
 - A memoria emocional e biográfica como base da nosa personalidade.
 - Importancia da expresión das nosas necesidades, sentimentos e emocións.
 - Coñecemento de obras da música popular galega (MPG).
 - Coñecemento dos instrumentos da música popular galega (MPG).
 - Coñecemento das posibilidades sonoras e musicais dos instrumentos musicais.
- Procedimentais

- Reflexión sobre a importancia do desenvolvemento das actividades.
 - Comunicación oral das emocións e os sentimentos que provocan a música escoitada.
 - Identificación de instrumentos musicais.
 - Manipulación de diversos instrumentos musicais.
 - Lembrar os sons dos instrumentos e as actividades realizadas.
- Actitudinais
- Interese polo traballo da memoria a través da memoria evocativa emocional.
 - Interese pola comunicación das necesidades, as sensacións e os sentimentos experimentados tras a audición da música.
 - Preocupación por manter a atención.
 - Interese por coñecer cancións e sons propios da música popular galega (MPG).

V.9. Actividades e iniciativas propostas

O conxunto de actividades a desenvolver neste proxecto responde a necesidade de acadar os obxectivos establecidos no mesmo. Así, segundo a súa tipoloxía, atopamos actividades de introdución-motivación, activación de coñecementos previos, de desenvolvemento e consolidación.

A. Actividades de introdución-motivación

- *Canción do día (C.D)*: Técnica de dinámica de grupo baseada na identificación sonora dos instrumentos populares galegos dunha obra musicale a súa posta en común en grupo (ANEXO II).
- Obxectivos:
 - Mellorar a memoria a curto prazo.
 - Identificar os sons propios da música popular galega.
 - Obter melloras na área de atención conxunta,
 - Fomentar as habilidades comunicativas e lingüísticas básicas: falar, escoitar e comprender.
 - Contidos:
 - Coñecemento das obras da música popular galega.
 - Coñecemento dos instrumentos da música popular galega.
 - Identificación de instrumentos musicais.
 - Preocupación por manter a atención.

- Interese por coñecer canción e sons propios da música popular galega.

B. Actividades de coñecementos previos

➤ *Que sabemos da música popular galega (MPG)?*: Dinámica de socialización a partir da posta en común dos coñecementos sobre a música popular galega e as súas características e elaboración dun mural representativo conxunto sobre a información recompilada.

- Obxectivos:
 - Mellorar a memoria a curto prazo.
 - Acceder á memoria emocional.
 - Identificar situación pasadas, presentes e futuras.
 - Fomentar as habilidades comunicativas e lingüísticas básicas: falar, escoitar e comprender.
- Contidos:
 - Mellorar a memoria a curto prazo.
 - Acceder á memoria emocional.
 - Identificar situación pasadas, presentes e futuras.
 - Fomentar as habilidades comunicativas e lingüísticas básicas: falar, escoitar e comprender

C. Actividades de desenvolvemento

➤ *Expresión das emocións que provoca a música*: Técnica de dinámica de grupo cuxo obxectivo é desenvolver a capacidade de saber expresar os sentimentos e emocións por medio da música popular galega.

- Obxectivos:
 - Expresar sentimentos e emocións a través da música popular galega.
 - Acceder á memoria emocional.
 - Asociar sentimentos e emocións biográficos a melodías.
 - Fomentar as habilidades comunicativas e lingüísticas básicas: falar, escoitar e comprender.
 - Expresar necesidades propias.
- Contidos:
 - A memoria emocional e biográfica como base da nosa personalidade.

- Importancia da expresión das nosas necesidades, sentimentos e emocións.
 - Comunicación oral das emocións e os sentimentos que provocan a música escoitada.
 - Interese pola comunicación das necesidades, as sensacións e os sentimentos experimentados tras a audición da música.
- *“Bingo Musical”* :Técnica de dinámica de grupo para identificación sonora de instrumentos musicais propios da música popular galega a través da cumprimentación dunha ficha instrumental en grupos de tres (ANEXO III).
- Obxectivos:
 - Fomentar a interacción social.
 - Mellorar a memoria a curto prazo.
 - Identificar os sons propios dos instrumentos da música popular galega.
 - Fomentar as habilidades comunicativas e lingüísticas básicas: falar, escoitar e comprender.
 - Obter melloras na área de atención conxunta.
 - Contidos:
 - Coñecemento dos instrumentos da música popular galega.
 - Coñecemento das posibilidades sonoras e musicais dos instrumentos musicais.
 - Identificación de instrumentos musicais
- *Actividade de audición e identificación rítmica*: Técnica de identificación e memorización sonora de ritmos realizados mediante instrumentos de percusión da MPG e repetición a través de palmas con axuda dun musicograma. Representación rítmica da actividade no ANEXO IV.
- Obxectivos:
 - Mellorar a memoria a curto prazo.
 - Identificar situación pasadas, presentes e futuras.
 - Identificar sons dos instrumentos da música popular galega.
 - Contidos:
 - Identificación de instrumentos musicais.
 - Lembrar os sons dos instrumentos e as actividades realizadas.
 - Preocupación por manter a atención.

- *“Formamos unha banda”*: Técnica de cooperación baseada na formación dunha banda popular para coñecer as posibilidades sonoras dos instrumentos de forma individual e colectiva.
 - Obxectivos:
 - Mellorar a memoria a curto prazo.
 - Identificar os sons dos instrumentos da música popular galega.
 - Expresar sentimentos e emocións a través da música popular galega.
 - Obter melloras na área de atención conxunta.
 - Contidos:
 - Coñecemento dos instrumentos da música popular galega.
 - Coñecemento das posibilidades sonoras e musicais dos instrumentos musicais.
 - Identificación dos instrumentos musicais da MPG.
 - Manipulación dos instrumentos musicais da MPG.

D. Actividades de consolidación

- *Que me aporta a música*: Técnica de dinámica de grupo para a reflexión individual e grupal sobre os beneficios das actividades realizadas.
 - Obxectivos:
 - Acceder á memoria emocional.
 - Expresar sentimentos e emocións a través da música popular galega.
 - Fomentar as habilidades comunicativas e lingüísticas básicas: falar, escoitar e comprender.
 - Contidos:
 - Importancia da expresión das nosas necesidades, sentimentos e emocións.
 - Reflexión sobre a importancia do desenvolvemento das actividades.
 - Interese polo traballo da memoria a través da memoria evocativa emocional.

- *Cales son os instrumentos e os seus sons*: Técnica de consolidación baseada na identificación do instrumento musical e o seu son correspondente.

- **Obxectivos:**
 - Identificar os sons propios dos instrumentos da MPG.
 - Fomentar as habilidades comunicativas e lingüísticas básicas: falar, escoitar e comprender.
 - Obter melloras na área de atención conxunta.
- **Contidos:**
 - Identificación de instrumentos musicais.
 - Interese polo traballo da memoria a través da memoria evocativa emocional.

V.10. Recursos, técnicas e instrumentos

Os recursos necesarios para o desenvolvemento do proceso de acción-intervención divídense en tres categorías: os recursos humanos, os recursos materiais e os recursos infraestruturais.

Por unha banda, os recursos humanos constitúen o conxunto de profesionais procedentes de diversas áreas encargadas de intervir na realización o proxecto, isto é, o/a terapeuta ocupacional, pedagogo/a, psicólogo/a e o cuidador/a.

Por outra, nos recursos materiais, precisaremos de cadeiras, mesas, paquete de folios, lapis e gomas de borrar, ordenador, aparellos de son e instrumentos da música popular galega -tambor, pandeiro, pandeireta, carraca, ferriños, birimbao, zanfona, gaita-.

Finalmente, con respecto aos recursos infraestruturais, precisaremos dun espazo amplo con boa sonoridade para poder desenvolver cada unha das actividades.

V.11. Temporalización

Para poder acadar os obxectivos presentes neste proxecto, é preciso que este teña unha duración mínima dun mes. Deste xeito, as súas actividades, pódense realizar en dúas sesións semanais de 60 minutos de duración -2 horas semanais-, sendo o seu cómputo total de oito sesións como podemos observar na Táboa 8.

De xeito xeral, podemos dividir este proxecto en tres fases: a *Fase 1*, a *Fase 2* e a *Fase 3*. Para comezar, na *Fase 1* realizarase unha avaliación diagnóstica para coñecer as características de cada un dos usuarios/as así coma as necesidades existentes no Centro de Día. A continuación desta primeira avaliación, realizarase os cambios oportunos para a súa posta en marcha. Posteriormente, na *Fase 2*, levaranse a cabo as actividades de introdución-motivación, activación de coñecementos previos e de desenvolvemento

anteriormente propostas xunto a unha avaliación da realización das mesmas, isto é, unha avaliación procesual.

Finalmente, na Fase 3 levaranse a cabo as actividades de consolidación e unha avaliación final para observar a consecución dos obxectivos establecidos previamente e comparar os resultados obtidos ao final da implementación do proxecto con aqueles anteriores a súa realización.

Táboa 8.

Organigrama a música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer

FASES	ACTIVIDADES	SESIÓNS									
		0	1	2	3	4	5	6	7	8	
Fase 1	AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA										
Fase 2	<i>Canción do día (CD); Que sabemos da MPG?</i>										
	<i>Canción do día (CD); Expresión das emocións que provoca a música</i>										
	<i>Canción do día (CD); "Bingo Musical"</i>										
	<i>Canción do día (CD); Cales son os instrumentos e os seus sons</i>										
	AVALIACIÓN DO PROCESO										
	<i>Canción do día (CD); Actividade de audición e identificación rítmica</i>										
Fase 3	<i>Canción do día (CD); "Formamos unha banda"</i>										
	<i>Canción do día (CD); "Formamos unha banda"</i>										
	AVALIACIÓN FINAL										

Nota. Elaboración propia.

V.12. Avaliación

Como mencionamos en puntos anteriores, o proxecto contará con tres avaliacións. Para comezar, realizarase unha avaliación diagnóstica cuxo obxectivo principal é coñecer o punto de partida dos usuarios/as. Despois, durante o proceso, levarase a cabo unha avaliación do proceso centrada nos obxectivos acadados e, finalmente, realizarase unha avaliación final centrada nos resultados cuantitativos e cualitativos acadados por medio da realización do proxecto.

Deste xeito, ao igual que se fixo na avaliación do proceso para coñecer o desenvolvemento do proxecto, na avaliación final cumprimentarase un enquisa tipo Likert por parte dos traballadores/as do Centro de Día na que as respostas mostrarán o grao de conformidade do individuo coa cuestión. Nesta, as alternativas de resposta serán as seguintes: (1) Totalmente en desacordo; (2) Algo en desacordo; (4) Algo de acordo; (5) Totalmente de acordo [ANEXO V (I)].

Igualmente, os usuarios/as participantes do proxecto cumprimentarán unha enquisa na que as alternativas de resposta estarán representadas mediante tres imaxes cuxa equivalencia é a seguinte [ANEXO V (II)]:

- Cara triste: “non” (non está de acordo coa cuestión).
- Cara indiferente: “máis ou menos” (non está de acordo nin en desacordo coa cuestión).
- Cara feliz: “si” (está de acordo coa cuestión).

Así mesmo, pasarase unha entrevista semiestruturada aos traballadores e traballadoras para ter unha valoración máis concisa [ANEXO V (III)].

Por unha banda, a enquisa está estruturada en tres partes ben diferenciadas. A primeira delas, refire ao cumprimento dos obxectivos segundo aos indicadores establecidos para o seu cumprimento. O segundo apartado, constitúe a parte máis extensa e recolle preguntas relacionadas aos cambios nas conductas dos usuarios/as tras o comezo do proxecto. Finalmente, o terceiro apartado procura responder a súa satisfacción cos servizos prestados.

Por outra, a entrevista consistirá nunha batería de cuestións sobre o proxecto con tipoloxía de resposta aberta. Asemade, os traballadores/as do proxecto realizarán un pequeno informe no que documenten as observacións máis significativas con respecto ao desenvolvemento do mesmo.

Polo tanto, empregarase a triangulación como método de avaliación co obxectivo de recoller unha información detallada.

CONCLUSIÓNS

A intervención educativa coas persoas maiores con Alzheimer constitúe unha actividade fundamental e un campo de estudo único que debe ser abordado por parte dos profesionais da educación. Deste xeito, tal e como afirmamos con este traballo, o emprego da música como intervención educativa contribúe ao desenvolvemento pleno do individuo garantindo o seu dereito a unha educación de calidade ao longo de todo o seu ciclo vital.

Neste caso, a intervención educativa musical presentada neste traballo centrada en persoas maiores de 65 anos con Alzheimer cun estadio leve ou moderado que acoden aos Centros de Día de carácter público e privado da Comunidade Autónoma de Galicia, pretende servir como un exemplo de intervención educativa eficaz para a ralentizar os deterioros asociados ao proceso demencial que caracteriza a doenza.

Asemade, a partir do proxecto *A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer*, preténdese concienciar á sociedade galega sobre a necesidade de intervir de xeito non farmacolóxico a través da educación e a expresión cultural que constitúe a música popular galega (MPG) para mellorar o benestar biopsicosocial destas persoas.

Porén, este traballo tamén pretende reflectir a necesidade da figura do pedagogo/a dentro dos Centros de Día para atender ás necesidades educativas ligadas aos diversos procesos de ensino-aprendizaxe que poidan presentar as persoas maiores e, de xeito particular, aquelas que presentan síntomas vencellados á demencia. Dentro destas institucións, o pedagogo/a debe formar parte dun grupo interdisciplinar de profesionais que traballen de xeito cooperativo co fin de poder educar non só aos usuarios/as, senón tamén aos familiares e cuidadores das persoas maiores con Alzheimer.

Para rematar, sinalar tamén que a intervención neste ámbito está vencellado á capacidade do pedagogo/a para comprender e analizar de xeito integral as situacións educativas en diversos contextos baixo o coñecemento da importancia dos procesos de enseñanza- aprendizaxe para a formación integral das persoas, a súa capacidade de deseñar, implementar e avaliar proxectos e programas que promovan o desenvolvemento pleno do individuo, así coma para a elaboración de recursos educativos adaptados e contextualizados ás necesidades educativas das persoas.

Referencias

- Asociación familiares enfermos Alzheimer A Coruña [AFACO]. (s.d.) *El alzheimer en cifras* [portal web]. Consultado o 10 de abril de 2021. <https://afaco.es/index.php>
- Alzheimer 's Association. (s.d.). *¿Qué es el Alzheimer?*[portal web]. Consultado o 10 de abril de 2021. alz.org
- Aravena, J. (2014). La ocupación como factor protector de la demencia por enfermedad de Alzheimer. *Revista Chilena de Terapia Ocupacional*, 14(2), 149-159. 10.5354/0719-5346.2014.35718
- Asamblea Xeral das Nacións Unidas. (1948). *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* [DUDH]. <https://n9.cl/o2t5>
- Asprilla, L. (2015). Educar en la música: una aproximación crítica al talento y la educación musical. *Aula*, 21, 63-83. <https://doi.org/10.14201/aula2015216383>
- Baird, A., & Samson, S. (2015). Music and dementia. *Elsevier*. 217, 207-235. 10.1016/bs.pbr.2014.11.028.
- Bernabé, M. M. (2013). Prácticas musicales para personas mayores: aprendizaje y terapia. *Ensayos: Revista de la Facultad de Educación de Albacete*, (28), 133-153. <https://n9.cl/y601r>
- Braga, M. (2013). A Música e as Emoções: Os benefícios da educação musical amparados na neurociência [trabalho fin de licenciatura, Centro de Letras e Artes da Universidade Federal do Estado de Rio de Janeiro]. <https://n9.cl/kuzd6>
- Cabedo, A. (2011, 27-30 xuño). La educación musical a lo largo de la vida. En Aprendizaje a lo largo de la vida, envejecimiento activo y cooperación internacional en los programas universitarios para mayores. *IV Congreso Iberoamericano de Universidades para Mayores* [CIUUM]. Alicante. <http://hdl.handle.net/10045/20104>
- Camero, S., & Díaz, D. (2019). Aprendizaje a lo largo de la vida como estrategia de envejecimiento activo. Estudio de la universidad de Mayores de Extremadura

Revista de Sociología de la Educación- RASE, 12(1), 104-122.

<https://doi.org/10.7203/RASE.12.1.13227>

Carnero, C. (2000). Educación, demencia y reserva cerebral. *Revista de neurología*, 31(6), 584-592. <https://doi.org/10.33588/rn.3106.99486>

Carrillo, A. M. (2018). Estimulación musical y memoria autobiográfica en adultos mayores con enfermedad de Alzheimer [trabajo fin de licenciatura, Pontificia Universidad Católica de Perú]. <https://n9.cl/pcny>

Cunha, R. (2007, xaneiro- decembro). Musicoterapia na abordagem do portador da doença de Alzheimer. *Revista Científica Faculdade de Artes do Paraná (FAP)*, 2, 213-228. <https://n9.cl/gxnd2>

Delors, J. (1996). *La educación encierra un tesoro*. Santillana, Ediciones UNESCO.

Kafol, B. S., Denac, O., Žnidaršič, J., & Zalar, K. (2015). Analysis of Music Education objectives in learning domains. *Procedia-Social and Behavioral Sciences*, 186, 95-104. 10.1016/j.sbspro.2015.04.069

Federación Alzheimer Galicia [FAGAL]. (s.d.). *Demencia en cifras. Persoa con demencia* [portal web]. Consultado 10 de abril de 2021. <https://n9.cl/ek5w4>

Fernández, S. (s.d.). *Instrumentos tradicionais galegos*. Eduplay [portal web]. Consultado o 13 de maio de 2021. <https://n9.cl/swvwz>

Francés, I., Barandian, M., Marcellán, T. & Moreno, L. (2003). Estimulación psicocognoscitiva en las demencias. *An Sist. Sanit. Navar*, 26(3), 405-422. 10.4321/S1137-66272003000500007

García, E. (2014). Musicoterapia en personas con demencia: intervenciones no farmacológicas. *Guía de orientación*.1-27. <http://hdl.handle.net/11181/4336>

García, G. E. (2021). La identidad cultural como elemento cohesionador. *Aula virtual*, 2(4). 157-166. <https://n9.cl/bmfc3>

Gobierno de España. (1978). Constitución Española. *Boletín Oficial del Estado*, 311. <https://n9.cl/afgm6>

- Gómez, M., & Gómez, J. (2017). Musicoterapia en la enfermedad de Alzheimer: efectos cognitivos, psicológicos y conductuales. *Neurología*, 32(5), 300-308. <https://doi.org/10.1016/j.nrl.2015.12.003>
- Guerra, P. (2009). Mayores ¿Activos o pasivos? La importancia de la educación en la tercera edad. *Cuestiones pedagógicas. Revista de ciencias de la educación*, 19, 319-332. <http://hdl.handle.net/11441/55637>
- Gustems, J., & Vernia, A. M. (2016). Creatividad y educación musical en adultos. *Creatividad y Sociedad*, 26, 378-396. <https://n9.cl/wnv4c>
- Huang, J. (2019). Enfermedad de Alzheimer. Manual MSD. Versión para profesionales [portal web] . <https://n9.cl/kp18c>
- IMSERSO (2011). *Libro Blanco del Envejecimiento Activo*. Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad Secretaría General de Política Social y Consumo e Instituto de Mayores y Servicios Sociales (IMSERSO). <https://n9.cl/ltfrv>
- Instituto Galego de Estatística [IGE]. (s.d.). *Proxeccións de poboación a curto prazo.2020-2035. Idades simples España, Galicia e provincias*. [portal web]. Consultado o 12 de abril de 2021. <https://n9.cl/ora9c>
- King, J. B., Jones, K. G., Goldberg, E., Rollins, M., MacNamee, K., Moffit, C., ... & Foster, N. L. (2019). Increased functional connectivity after listening to favored music in adults with Alzheimer dementia. *The journal of prevention of Alzheimer's disease*, 6(1), 56-62. [10.14283/jpad.2018.19](https://doi.org/10.14283/jpad.2018.19)
- Londoño, M. E. (1988). Música popular tradicional e identidade cultural. *A Contratiempo: revista de música en la cultura*, (3), 3-10. <https://n9.cl/brgl3>
- López Pousa, S. (2006). Epidemiología del deterioro cognitivo de origen vascular. En: Alberca R, Lopez, editores. 3ª ed. *Enfermedad de Alzheimer y otras Demencias*. Editorial Médica Panamericana.
- Miradouro, J. C. (2015). Musicoterapia na doença de Alzheimer [tese de mestrado, Universidade de Coímbra]. <https://n9.cl/6vwyw>

- Muñoz, B. (2017, 11 de marzo). Terapias no farmacológicas para los síntomas psicológicos y conductuales de la enfermedad de Alzheimer. *Revista Asturiana de Terapia Ocupacional*, 13, 1-12. <https://n9.cl/rn6dk>
- Organización de las Naciones Unidas [UNESCO]. (s.d.). *La UNESCO y los Objetivos de Desarrollo Sostenible* [portal web]. Consultado 12 de abril de 2021. <https://es.unesco.org/sdgs>
- Organización Mundial da Saúde [OMS]. (2020, 21 de setembro). *Demencia* [portal web]. <https://www.who.int/es>
- Passos, H., & De Toledo, L. C. (2021). A música como agente terapêutico no tratamento da Doença de Alzheimer. *Revista Psicologia em Pesquisa*, 15(1). <https://doi.org/10.34019/1982-1247.2021.v15.29081>
- Peñalba, A. (2017). La defensa de la educación musical desde las neurociencias. *Revista Electrónica Complutense de Investigación en Educación Musical*, 14, 109-127. <http://dx.doi.org/10.5209/RECIEM.54814>
- Ramírez, D. T., & Martella, D. (2019). Reserva cognitiva y demencias: Limitaciones del efecto protector en el envejecimiento y el deterioro cognitivo. *Rev Med Chile*, 147 (2),1594-1612. <http://dx.doi.org/10.4067/S0034-98872019001201594>
- Reynoso, K.M. (2010). La educación musical y su impacto en el desarrollo. *Revista de educación y desarrollo*, 53-60. <https://n9.cl/xxz3g>
- Rodríguez, O. A., & Luna, J. (2019). Educación musical para el desarrollo sostenible: una revisión documental. *Revista da Abem*, 27(43). 10.33054/ABEM2019b4307
- Sarfson, S., & Albin, M. C. (2017). Música para adultos mayores: Voluntariado universitario para la mejora social. *Revista Internacional de Educación para la Justicia Social (RIEJS)*, 6(2), 167-176. <https://doi.org/10.15366/riejs2017.6.2.010>
- Touriñán, J. M., & Longueira, S. (2010). La música como ámbito de educación. Educación «por» la música y educación «para» la música. *Teoría de la educación*, 22(2),151-181. 10.14201/ted.8300

A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer

Vernia, A. M., & Martí, M. (2017). Música y palabra contra el alzheimer. *Arte, Individuo y Sociedad*, 29(3), 159-173. 10.5209/ARIS.53451

Vernia, A. M. (2020). Educación musical en el panorama español. Contexto, niveles y perfiles educativos. *Didacticae: Revista de Investigación en Didácticas Específicas*, (7), 17-29. 10.1344/did.2020.7.17-29

Xunta de Galicia. (2016). *Esgaen- Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación 2016-2020. Marco de actuación para unha vida activa, saudable, independente e segura*. Consellería de Política Social Dirección Xeral de Maires e Persoas con Discapacidade. <https://n9.cl/0znxm>

Xunta de Galicia. (2021, 9 de febreiro). Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 26, 7880. <https://n9.cl/ka1c7>

ANEXO

• ANEXO I

Táboa 9.

Folla de queixas, reclamacións e suxerencias

FOLLA DE QUEIXAS, RECLAMACIÓNS E SUXERENCIAS		
Identificación		
*Data (día/mes/ano):	*Hora:	
*Nome e apelidos:	*DNI/ NIE:	
<input type="checkbox"/> *Familiar	<input type="checkbox"/> *Traballador/a do centro	<input type="checkbox"/> * Outro/a:
*Nome do usuario/a:	*Indicar:	*Indicar:
*Indicar:		
Domicilio		
Poboación:	Provincia:	
Rúa:		
CP:	*tlf (1): tlf (2):	Correo electrónico:
Motivo da demanda		
<input type="checkbox"/> *Queixa, reclamación		<input type="checkbox"/> *Suxerencia
*Explicación:		
*Conclusión:		
*Firma:	Rexistro da demanda:	
	Firma do director/a:	Data:

(*) Campos obrigatorios.

- **ANEXO II**

Identificación sonora das seguintes cancións:

1. Camariñas

Casal, L. [luarnalubregaliza]. (2009, 24 abril). *Camariñas* [Vídeo]. YouTube.

<https://www.youtube.com/watch?v=adVzzfHu16Q>

2. A Rianxeira

Pontevedra para el mundo. (2011, 28 agosto). *A Rianxeira* [Vídeo]. YouTube.

<https://www.youtube.com/watch?v=EFHsKPsuMY4>

3. Himno de Galicia

OLaioDosEirin. (2010, 18 xullo). *Himno de Galicia* [Vídeo]. YouTube.

<https://www.youtube.com/watch?v=hmXAB9rvFWE>

4. Miudiño

A Roda. (2008, 27 novembro). *Miudiño* [Vídeo]. YouTube.

<https://www.youtube.com/watch?v=d2-YnEKW7iw>

5. Semanterei

Fuxan os ventos. (2010, 29 setembro). *Sementeira* [Vídeo]. YouTube.

<https://www.youtube.com/watch?v=EFpCNJmUX5w>

6. O Pousa

A roda. (2014, 14 maio). *O Pousa* [Vídeo]. YouTube.

https://www.youtube.com/watch?v=tZmqwKJlp_k

7. Uah!

Suso Vaamonde. (2010, 25 febreiro). *¡Uah!* [Vídeo]. YouTube.

<https://www.youtube.com/watch?v=hyC6ZJelpU8>

8. Catro vellos mariñeiros

Cancións en galego. (2014, 22 xuño). *Catro vellos mariñeiros (Canción popular)* [Vídeo]. YouTube. <https://www.youtube.com/watch?v=I9GsCgslvs4>

9. A saia de Carolina

Fuxan os Ventos. (2013, 27 xaneiro). *A saia de Carolina* [Vídeo]. YouTube.

<https://www.youtube.com/watch?v=fZ83671VzbM>

- ANEXO III

Figura 3.

Ficha instrumental da actividade “Bingo Musical”.




Nota. Baseada en Fernández, s.d.

• ANEXO IV

Figura 4.

Representación rítmica da actividade de audición e identificación rítmica.



Nota. Elaboración propia.

• ANEXO V (I)

Táboa 10.

Cuestionario para os traballadores/as do Centro de Día.

Contestar atendendo ás seguintes valoracións: (1) Totalmente en desacordo; (2) Algo en desacordo; (3) Algo de acordo; (4) Totalmente de acordo.




Cuestións	Valoración			
	1	2	3	4
Considera que os obxectivos do proxecto <i>A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer</i> se acadaron de xeito satisfactorio?				
O proxecto fomentou as habilidades comunicativas e lingüísticas dos usuarios/as?				
Sente que a capacidade atención conxunta dos usuarios/as na realización das actividades viuse incrementada tras a realización do proxecto?				
Considera que a realización das actividades do proxecto permitiu traballar a memoria a curto prazo dos usuarios/as?				
Observa que os usuarios/as son capaces de expresar as súas necesidades, sentimentos e emocións a través dunha comunicación fluída?				
Considera que os usuarios/as, por medio das sesións, conseguen asociar sentimentos e emocións a melodías?				
Considera que as metodoloxías empregadas no proxecto son adecuadas ás capacidades e habilidades cognitivas dos usuarios/as?				
Considera que os usuarios/as son capaces de identificar correctamente situación pasadas, presentes e futuras?				
Considera que os usuarios/as son capaces de identificar os sons dos instrumentos propios da música popular galega?				
Considera que existiu unha boa disposición na realización de actividades por parte dos usuarios/as?				

Nota. Elaboración propia.

• ANEXO VI (II)

Táboa 11.

Cuestionario para os usuarios/as do Centro de Día.

CUESTIÓNS	Valoración		
	non 	máis ou menos 	si 
O proxecto e a música popular galega permitíronme lembrar situacións e melodías pasadas			
O proxecto permitíume expresar os meus sentimentos e emocións			
Son capaz de expresar con fluidez as miñas necesidades persoais			
Coñezo os instrumentos populares da música galega e a súa sonoridade			
Son capaz de diferenciar os sons dos instrumentos propios da música popular galega			
Considero que tras a realización do proxecto son capaz de prestar máis atención ás actividades			
Tras a realización do proxecto son capaz de lembrar situacións e eventos próximos			
Durante o desenvolvemento do proxecto quixen participar de tódalas actividades			

Nota: Elaboración propia.

- **ANEXO VI (III)**

- Entrevista semiestructurada para os traballadores/as do Centro de Día.

1. Considera que se acadaron os obxectivos previstos para o proxecto *A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer*?
2. Considera que a realización deste proxecto fomentou as interaccións sociais dos usuarios/as?
3. Considera que este proxecto permitu o desenvolvemento da capacidade de atención conxunta? De que xeito?
4. Considera que os usuarios/as do centro que participaron neste proxecto son capaces de expresar as súas emocións e sentimentos de xeito adecuado?
5. Considera que a realización deste proxecto axudou aos usuarios/as a expresar as súas necesidades?
6. Considera que os usuarios/as son capaces de identificar situacións que sucederon no pasado, que están a suceder no presente ou aquelas que acontecerán nun futuro próximo?
7. Observa que a realización deste proxecto fomentou a capacidade de asociación das emocións dos usuarios/as coas súas melodías biográficas?
8. Considera que se fomentou as habilidades comunicativas e lingüísticas básicas?
9. Considera que os usuarios/as tiveron unha actitude positiva cara o proxecto?
10. No caso contrario, considera que existiu unha baixo interese e participación por parte dos usuarios/as no proxecto *A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer* (Só se contestou negativamente a cuestión nº 9).